



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Unha nena nunha fonte
por unha verza bebía,
/: i-a verza estaba rumpida
toda i-augha lle vertía.:/

- E agora que tocache?
- A muiñeira.

Ai, unha nena nunha fonte
ai, por unha verza bebía,
/: ai, i-a verza estaba rumpida
ai, toda i-augha lle vertía.:/
Ai larala ...

- E esa era a jota?
- Era.

Carretera de Cerceda,
carreteriña de flores
/: por esa carreteriña
marcharon os meus amores. :/

Pepiño, Pepiño, Pepe,
Pepiño traballador-e,
/: os demais na remaría
Pepiño no seu labor-e :/

O paxaro cando bebe
mete o pescozo no mar-e
alegría, rapaciñas,
que eí veñen os de Xermade.
Ai larala...

Rafaeliño non canta
porque está súa madriña,
/: canta, Rafaeliño, canta,
parece que te-la morriña.:/

/: O pandeiro toca ben-he
se lle apretan os cordeles
os rapaces non son homes
mentres non teñen mulleres.:/



Baila Manueliño, baila
sacude ben os calzóns-e
/: quen me dera dentro deles
un ferrado de abillóns-e.:/

Silva verde se me predes
mira cómo m' aseghuras
/: qu' eu xa me teño ceibado
doutras cadenas máis duras :/

Dios llo paghe a miña madre
que me puxo a costureira
/: ven a i-augha e non me molla
ven o sol e non me queima. :/

A cama do cura é boa
e no medio ten un ai-e
a nena que nela durma
ao reino de Dios non vai-e.

- Un “ai” quere decir que non se debe de...?
- Que non se debe dormir cos curas!

Vale más amar a un perro
que amar a una mujer-e
el perro ama a su dueño
la muller a quien la quiere.

O ghaiteiro de Guntín-he
foi tocar a Santa Marta
/: adormeceu no camiño
os cas comeronll' a ghaita.:/

Dices que por cuenta mía
que te acuestas y no duermes
/: acuestate sin recelo
que amor firme no lo tienes. :/

Polo mar abaixo vai-e
unha ghaliña con pitos
/: mociñas coma ás da Vila
nas hai en todo-los sitios.:/

“Séntate aquí”, “Xa me sento”
“Deitate aquí”, “Xa me deito”
Xa que levamos a sona
levaremos o proveito.



Heiche de tocalas cunchas,
miña carrapachoriña.
I-heiche de tocalas cunchas
naquela corredoiriña.

Durme meu meniño
que tengo que hacer
lavar los pañales
lavar y coser.